

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 16 DE XANEIRO DE 2014

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:05 horas do 16 de xaneiro de 2014, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnen-se no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, ós efectos de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias
D. Miguel Neira Ojea
D^a Natalia Álvarez Diéguez
D^a María Mercedes Ana Moldes Ares
D. Luis Victorino Arias Fernández
D. Aurentino Alonso Araújo
D. Julio Fernández Arias
D^a María Irene Dacal Feijoo
D. Moisés Blanco Paradelo
D. Arsenio Moldes Gómez
D. Carlos Javier Crespo Díaz
D^a Nieves Rodríguez Voces
D^a M^a Estela Delgado Fernández, que se incorpora á sesión no momento que se di nesta acta.
D. Antonio Melo García
D Vitor Manuel Sierra Nieves

Non asiste D^a Manuela Rodríguez Vázquez, cuxa ausencia é desculpada polo alcalde.

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez .

Declarado aberto o acto polo Sr. alcalde-presidente, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

1º Aprobación da acta do Pleno da sesión celebrada o día 12 de decembro de 2013.

Pregunta o Sr. Alcalde si hai algunha observación que facer á acta da sesión celebrada polo Pleno o día 12 de decembro de 2013 e non formulándose

ningunha, a devandita acta resultou aprobada por unanimidade dos quince concelleiros asistentes na sesión.

2º Ditame da Comisión Informativa de Medio Ambiente, Sanidade, Educación e Servizos relativo á adhesión ao convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial e o Concello do Barco de Valdeorras para a recollida de animais abandonados.

Fai uso da palabra o concelleiro delegado de Medio Ambiente, Sr. Alonso Araujo, para dicir que tráese este convenio ao pleno para a súa aprobación, porque o servizo de recollida de animais abandonados estaba integrado no de Desinfección, Desinsectación e Desratización, e unha vez que se adxudicou este último servizo non quedaría cuberto o de recollida de animais abandonados.

Neste momento incorpórase á sesión a concelleira M^a Estela Delgado Fernández.

Prosegue facendo uso da palabra o sr. Alonso Araujo dicindo que cando se ofertou a adhesión ao convenio da Deputación, fíxose un estudio técnico-económico, e que os informes dos técnicos municipais foron favorables, pois din que é factible a adhesión ó convenio quedando nunha situación, en canto ao tema económico, parecida a que se podería estar si o Concello sacara a concurso o servizo. Di o concelleiro que a proposta de adhesión levouse á Comisión informativa o pasado 13 de xaneiro de 2014, ditaminándose favorablemente con oito votos a favor do PSdeG-PSOE e do PP e unha abstención do BNG.

Concédeselle a palabra ao voceiro do PP, sr Blanco Paradelo, quen di que quere que as súas primeiras verbas e as do seu Grupo neste primeiro pleno do ano sexan para condenar o terrible asasinato que se produciu nestes días en Cervo e que quizás ó mellor se tería que volver ao de gardar un minutos de silencio cada vez que haxa unha morte en Galicia, que é unha situación bastante trágica no inicio de ano como para volver a reafirmarse todos en contra da violencia de xénero. Di o concelleiro que en relación co segundo punto da orde do día que é un compromiso antigo da Deputación dar este servizo e que aínda que están de acordo co mesmo e van a votar a favor, xórdenlle varias dúbidas, pois segundo o concelleiro delegado economicamente quedaríase igual que si se contratara polo Concello, mentres que no propio escrito di que este Convenio suporá reducir custos e mellorar a eficiencia na xestión pública e o pasado día 11 o Alcalde dixo

nos medios de comunicación que o servizo custaría máis e que por riba na Comisión pareceu que houbo algunha discrepancia dentro do equipo de Goberno. Di o sr. Blanco que despois do exposto, ó final non sabe a quen lle hai que facer caso, si ao que dixo o concelleiro, si ao que está escrito ou si ao que dixo o Alcalde publicamente, pero que de todas formas, como xa dixo, o seu Grupo vai a apoiar este servizo porque é un servizo esencial. Remata o voceiro pedindo que se lle concrete un pouco máis o tema da rendabilidade, para que non haxa esas dúbidas que parece que existen.

Concédeselle a palabra ao concelleiro sr. Sierra Nieves, quen di que é necesario ter unha recollida dos cadelos e que dende o seu Grupo están de acordo cos servizos mancomunados, aínda que darlle máis competencias á Deputación choca de maneira frontal co que o Alcalde ten manifestado neste Pleno en contra deses organismos provinciais, e que nestes últimos meses este Concello ten colaborado moitísimo con esa Administración e que lle gustaría que o Alcalde aclarase se está favor da Deputación ou non, porque hai outro tipo de solución sen ter que pasar pola Deputación Provincial. Di o sr Sierra que tamén lle gustaría que lle respondera porqué o Concello do Barco non se adheriu antes a este convenio e, por último dicir, que o convenio suporá máis de 14.000€ que é o que vai valer recoller aos cadelos abandonados.

Fai uso da palabra o sr. Alonso Araujo, para dicir que o tema quedou aclarado na Comisión pasada pero que non ten problema en volver a explicalo, que ata o de agora estábanelle pagando a unha empresa uns 10.700€ trimestrais e que facía as labores de desratización, desinfección, desinsectación e recollida de cans e que como era todo un mesmo contrato non se sabe o que custaba soamente a recollida de cans ao non estar desglosados os servizos pero que fai un ano xa se empezou a plantexar a idea de sacar a concurso por un lado a desratización, desinfección e desinsectación, e por outro a canceira, co cal se puxeron en contacto con empresas da comarca para que presentaran ofertas sobre a recollida de cans e o mantemento das gaiolas que hai en Viloira, posto que unha canceira permanente supón uns custos de máis de 600.000€, que en contestación ao dito polo sr. Sierra, o Concello do Barco non se tiña adherido ao convenio porque ata agora o servizo estaba cuberto coa empresa que facía a desratización, desinfección e desinsectación, no que se incluía a recollida de cans, que actualmente se están mandando os cans a unha canceira de Xinzo de Limia, que ten un custo anual total de catro mil euros, que en relación coas empresas que presentaron as ofertas, unha delas presentou un presuposto bastante superior ao que se vai pagar coa adhesión ao convenio, que tiñan dúas ofertas de 6.000 e 12.000€ ás que había que engadirlle logo os transportes a Xinzo máis a colaboración coa canceira de Xinzo, pois a

canceira que ten O Barco non pode albergar permanentemente os cans abandonados.

Fai uso da palabra o sr. Blanco Paradelo para dicir que segundo o Alcalde agora coa adhesión custaba máis e o Concelleiro delegado di que menos, e que é eso o que non ten claro.

Di o sr. Alonso Araújo que vai custar máis do que estaba custando ata agora pero que desde logo vai saír a pre ou incluso menos que algunha oferta que enviaron as empresas.

Fai uso da palabra o sr. Sierra Nieves para dicir que este servizo leva tempo xa descuberto e o feito de que o Concello non se adhira antes ao convenio pon de manifesto como sempre a falta de previsión na política deste Goberno e non ter un camiño claro, como en moitas outras cousas.

Di o sr. Alonso Araujo que descuberto non se atopa pois ata o día de hoxe está o servizo cuberto.

Di o sr. Alcalde que faise agora e non antes a adhesión ao convenio porque a canceira da Rúa aínda non está rematada, polo que non había ningunha présa, e porque agora dende a Deputación garantiuse que se vai prestar o servizo. Di que cando non hai debate e o tema en cuestión non ten dúbidas, invéntanse dúbidas e incoherencias e o que está claro é que o concelleiro delegado explicou o tema perfectamente, que o Concello do Barco paga agora menos do que se vai a pagar, aínda que se pensa que o servizo que se vai a prestar vai a ser máis completo ou debería ser máis completo e por eso a adhesión do Concello. Prosegue dicindo que, en contestación ao voceiro do BNG sobre o funcionamento das Deputacións, el sempre defendeu a desaparición das Deputacións pero que tamén di que poden seguir existindo sempre e cando se reestructuren as súas funcións, dedicándose a colaborar cos Concellos prestando servizos mancomunados que por si os Concellos non poderían prestar e que se adhira o Concello do Barco ao convenio da canceira é positivo para O Barco pero tamén é positivo para o resto dos Concellos da Comarca, como xa foi positivo que formara parte do Consorcio de depuración porque se non se houbera incorporado o Concello do Barco o Consorcio non sería viable, que quizás coa adhesión se vaia a gastar algo máis do que se estaba a gastar, pero que permitirá que gastos moi difíciles de presupostar se saiba o seu custe xa que se vai a gastar un euro por habitante e do déficit farase cargo a Deputación. Remata dicindo o sr. Alcalde que é necesario introducir unha emenda que se fai dende Intervención, que é unha cuestión técnica, dando lectura á mesma, e de

seguido tamén o Alcalde dá lectura do ditame da Comisión informativa de Medio Ambiente.

A emenda proposta copiada literalmente di:

Emenda: O obxecto de presente anexo ao informe de fiscalización previa á adhesión ao convenio de colaboración coa Deputación Provincial para a recollida de cans, é deixar constancia dun erro polo que á partida orzamentaria da achega municipal atinxe, dado que no amentado informe cítase a partida 313/227.10 sendo a partida orzamentaria axeitada á natureza do gasto a 313/461.00, dotada mediante o expediente de transferencia de crédito 01/2014.

Sometida a votación a emenda é aprobada por unanimidade dos dezaseis membros asistentes.

Rematado o debate, o Pleno en votación ordinaria por quince votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo, Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández e Melo García) e unha abstención (do concelleiro Sierra Nieves), adopta o seguinte acordo:

1º Adherirse ao “Convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense, os Concellos de Xinzo de Limia, O Carballiño, Melón, agrupación de Concellos de Muíños, Bande, Lobeira, Entrimo e Lobios e agrupación de Concellos da Rúa Petín, Larouco e Vilamartín de Valdeorras e os concellos que se adhiran, para a ordenación e xestión, por parte da Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, do servizo de recollida de animais abandonados dependentes dos centros de recollida de Xinzo de Limia, O Carballiño e os futuros centros situados en Melón, Muíños e A Rúa”, cuxo texto se publicou no BOP de Ourense de 4 de xaneiro de 2013, aceptando todas as súas cláusulas.

2º O alcance da adhesión exclúe expresamente as facultades de xestión tributaria e recadación ás que se refire a cláusula cuarta do Convenio.

3º Ao abeiro da cláusula sexta do Convenio a garantía do réxime económico do servizo delegado realizarase mediante acordo de afectación da participación en tributos do Estado ou da Comunidade Autónoma que será adoptado pola Alcaldía.

3º Ditame da Comisión Informativa de Medio Ambiente, Sanidade, Educación e Servizos relativo á adhesión á proposta de declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade.

Fai uso da palabra o concelleiro delegado de Medio Ambiente, Sr. Alonso Araújo, para dicir que dende a Deputación enviouse un escrito pedindo que o Concello apoiara a declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade. Di que se pasou á Comisión de Medio Ambiente do 13 de xaneiro de 2014 e ditaminouse favorablemente por unanimidade.

Concédeselle á palabra ao voceiro do PP, sr Blanco Paradelo, quen di que o seu Grupo evidentemente van a apoiar esta adhesión, pois considera que é moi importante sumar todos os esforzos para conseguir esta declaración. Di que si é bo para a Ribeira Sacra dende logo vai beneficiar a Valdeorras pois son dúas comarcas unidas pola canle que é o Río Sil e que pensa que é interesante para a provincia, para Galicia e sobre todo para a Comarca.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

O Concello do Barco de Valdeorras, de conformidade coa cláusula quinta do convenio asinado entre as deputacións de Ourense e de Lugo e o Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, o 14 de decembro de 2013 en San Pedro de Rocas (Esgos),

MANIFESTA A SUA ADHESIÓN ó mesmo APOIANDO a proposta de declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade ó considerala decisiva para a protección dos valores culturais e naturais dese territorio e, ó mesmo tempo, para o fomento do seu desenvolvemento sostible.

4º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición do Grupo Municipal do P.P. sobre “*elaboración dun plan local de seguridade*”

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, concédeselle a palabra ó voceiro do PP, sr. Blanco Paradelo, quen fai uso dela para dicir que o texto da moción que se presenta é coñecido por todos os concelleiros, pois xa se debateu nunha anterior sesión do Pleno, e que non se entende porqué despois do tempo que pasou o Plan de seguridade non ve a luz e o seu Grupo non ten acceso ao

plan. Di que ao seu Grupo preocúpalle moito o tema da seguridade, pois pensan que é moi necesario que exista unha coordinación, un regulamento que estea por escrito e que naquel momento díxoselle polo equipo de goberno que non se aprobaba a moción, aínda estando de acordo, xa que se estaba traballando nun plan local de seguridade e non tiña sentido aprobar a moción. Di o sr. Blanco que a pregunta que el se fai é si se vai tardar outro ano máis en elaborar un plan de seguridade ou si é moi difícil elaboralo ou que realmente non hai interese e se quere seguir improvisando e non planificalo, como debería de ser. Prosegue dicindo que no mes de setembro do ano 2011, na reunión da Xunta de Seguridade co Subdelegado do Goberno Camilo Ocampo, xa se falaba nos medios de comunicación dese borrador do plan de seguridade, ó igual que nos anos 2012 e 2013 nas reunións das Xuntas de Seguridade. Di que non sabe si na época de Suárez se tardou tanto en preparar a Constitución ou o Estatuto de Autonomía, pero que aquí se segue sen ver o plan aínda que o seu Grupo xa o pediu en reiteradas ocasións, e por eso quere engadir agora a aquela moción presentada en marzo do 2012 a limitación no tempo para a presentación do plan de seguridade. Remata o sr Blanco Paradelo dando lectura da moción presentada, que copiada literalmente di:

“En el pleno ordinario del mes de marzo del año 2012 fue debatida la presente moción que hoy volvemos a presentar, siendo rechazada, con el voto en contra del Grupo de Gobierno de este Concello, con el argumento de que ya se estaba trabajando en la elaboración de un plan.

Transcurridos casi dos años desde aquel debate, seguimos sin tener noticias del Plan de Seguridad Local, y no será porque desde el grupo popular no se haya solicitado en reiteradas ocasiones. Por eso volvemos a presentar la misma moción

“De todos es sabido que durante los últimos meses en O Barco se ha producido un aumento considerable de actos vandálicos, especialmente en las noches de los fines de semana y festivos.

Numerosos están siendo los desperfectos en mobiliario urbano, establecimientos comerciales o vehículos que están estacionados en las calles por citar algunos ejemplos. Un conjunto de hechos delictivos que alteran la buena convivencia ciudadana y que de ningún modo podemos seguir permitiendo.

Por eso, ante esta situación desde el Grupo Municipal Popular, consideramos de verdadera importancia la elaboración de un Plan Municipal de Seguridad Ciudadana en el que estén implicados, y perfectamente coordinados, los distintos cuerpos y fuerzas de seguridad, los centros educativos y las entidades sociales que se estimen oportunas.

Un plan que, sin lugar a dudas, necesita de la unidad de acción del conjunto de la ciudadanía barquense, con el objetivo de informar, formar y

prevenir los posibles delitos, a la vez que fomentar la seguridad ciudadana garantizando una convivencia armónica y respetuosa para tod@s”.

Por todo lo anteriormente expuesto, el Grupo Municipal del Partido Popular propone al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente acuerdo:

El Gobierno del Concello de O Barco se compromete a la elaboración del Plan Local de Seguridad, y presentarlo en la correspondiente Comisión Informativa en un plazo no superior a tres meses.”

Concédeselle a palabra ao sr Sierra Nieves, quen di que o Estatuto de Autonomía non se fixo na transición e que pensa que a cidadanía non está preocupada polo Plan Local de Seguridade.

Di o s. Alcalde que coincide plenamente co dito polo concelleiro sr. Sierra Nieves, que na vida ás veces hai casualidades que fan pensar mal a calquera, pois fai unha semana o Secretario Xeral da Subdelegación do Goberno chamou ó Técnico de Administración Local, que é o secretario das Xuntas Locais de Seguridade, para preguntarlle polo Plan Local de Seguridade e aos poucos días o Grupo do PP presenta unha moción reivindicando ese Plan, que será unha casualidade pero é unha casualidade sospeitosa. Di o alcalde que as Xuntas Locais de Seguridade están copresididas polo alcalde e polo subdelegado do Goberno e por un acordo tácito que ven dende xa fai varios anos véñense convocando polo Subdelegado, entón si dende o mes de abril non se celebrou Xunta Local de Seguridade é porque o Subdelegado non a convocou, que na última reunión da Xunta, en abril do 2013, levouse o borrador do Plan, co que estiveron de acordo todos os membros da Xunta, decidíndose que se fixeran dous cambios no mesmo, que se retiraran uns datos estatísticos que viñan incluídos e non estaban actualizados e que se engadira no texto un novo punto relativo á creación dunha comisión de coordinación e seguimento do plan, integrada polos mesmos membros da Xunta Local de Seguridade, e que todo eso xa está feito dende o mes de abril do ano pasado en espera de que o Subdelegado do Goberno decida convocar a Xunta Local de Seguridade. Di o Alcalde que a cuestión é si nestes nove meses que pasaron dende a última Xunta Local de Seguridade, o non ter aprobado o Plan, viuse prexudicada a seguridade dos cidadáns do Barco, e a resposta segundo a Moción é que si, pois di que durante os últimos meses produciuse un aumento considerable de actos vandálicos, pero segundo os datos da Policía Local no ano 2012 houbo 28 actos vandálicos en grao mínimo e no ano 2013 houbo 10, e que tamén quere dicir que existe coordinación entre a Policía Local e a Garda Civil no traballo diario, e que así mesmo existe

coordinación entre o departamento de Servizos Sociais, a Vicepresidencia da Xunta de Galicia, que é quen leva o tema da violencia de xénero, a Subdelegación do Goberno e os Corpos e Forzas de Seguridade no tema da violencia de xénero. Di que pensa que estase moi por debaixo da media en canto a delincuencia e que unha porcentaxe por enriba da media dos delitos que se cometen esclarácese, polo que cre que a xente do Barco non debe de estar preocupada pola seguridade. Prosegue dicindo que o que lle preocupa é que co dos recortes para aforrar haxa unha redución de plantilla no cuartel da Garda Civil, pois conseguíronse cotas de seguridade boas cando estivo a plantilla cuberta ao cento por cento, e na medida que esa plantilla se reduza por diversos motivos a calidade do servizo que se presta minguará. Di que o Plan xa está feito, que precisamente na semana que ven convocarase unha comisión de persoal e nela entregaráselle a todos o borrador que saíu da última Xunta Local de Seguridade, xa feitas as correccións que se acordaron. Remata dicindo o sr Alcalde que non pode asumir facer un Plan Local de Seguridade cando xa está feito.

Fai uso da palabra o sr Blanco Paradelo para dicir que algo se conseguiu.

Di o Alcalde que non conseguiu nada porque o Plan xa estaba feito, que coa Moción non conseguiu nada.

Di o sr. Blanco que algo se conseguiu porque por fin váiselle a entregar unha copia do borrador do Plan, que leva demandando dende fai moito tempo, e que ó mellor na Comisión da semana que ven o seu Grupo pode aportar algunha cousa. Di o concelleiro que aínda que o Alcalde di que non ter o Plan non prexudicou aos veciños, el cre que vai mellorar ao ter o Plan, pois senón non é serio e é mellor non facelo, e pensa que o sr. Alcalde non lle dá ningunha importancia a ese plan, que si o Alcalde tivera interese podería convocar a Xunta Local de Seguridade, pois tamén a preside e pode facelo, que coa presentación da Moción a intención do seu Grupo é falar dun tema importante que lles preocupa, e que ó final o positivo é que a semana que ven vaise a debater o tema e o seu Grupo poderá aportar iniciativas. Prosegue dicindo que se conseguen que este tema se debata é algo positivo e que é co que se quedan do debate de hoxe.

Di o sr. Alcalde que o sr. Blanco dá por sentado que el non lle dá importancia á elaboración de estratexias do Plan de Seguridade e quere dicirlle que as estratexias para mellorar as cousas danse e prodúcense precisamente na Xunta Local de Seguridade, que é onde se plantexan os temas concretos non xenéricos de deseño dun documento que non fai máis que marcar liñas mestras, di que o día a día e as estratexias de actuación e

de coordinación dos corpos de seguridade que actúan no Barco é nesa Xunta onde se fan, e que sen dúbida el lle dá moita máis importancia a esas Xunta Locais de Seguridade que ao Plan Local de Seguridade que non deixa de ser un documento. Di que xa sabe que pode convocar unha Xunta Local de Seguridade pero como xa dixo na anterior intervención, leva moitos anos funcionando así e no momento que houbera feitos que xustificaran unha Xunta Local de Seguridade por suposto que se convocaría, por parte do Alcalde ou por parte do Subdelegado do Goberno, que o que pon na Moción non responde á realidade pois este ano foi moito máis tranquilo que o pasado, segundo os datos que el ten da Policía Local, sen prexuízo de que o sr. Blanco teña outros datos que llos houbera facilitado o Subdelegado do Goberno.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria da moción presentada co resultado de que, por nove votos en contra (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo), seis votos a favor (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández e Melo García) e unha abstención (do concelleiro Sierra Nieves) o Pleno do Concello non aproba a moción presentada.

5º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición do Grupo Municipal do P.P. sobre “*declaración de ARI do casco vello de O Barco*”

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, concédeselle a palabra ó voceiro do PP, sr. Blanco Paradelo, quen fai uso dela para dicir que o que se presenta é unha remoción, pois é unha moción sobre o ARI do casco vello que se aprobou neste Pleno no mes de maio do ano 2012, que vai cun texto similar e o único que se engadiu foi un compromiso de prazos para ver si realmente hai vontade ou non a hai de facelo. Di o voceiro que como xa dixo a moción foi aprobada en maio do 2012 e despois de transcorrer 18 meses non se volveu a ter información do tema nin se presentou a solicitude de declaración. Di que é unha moción constructiva e que si hai interese de facelo que se faga, e que hai importantes axudas para as declaracións de áreas de rehabilitación integral e para saber si son moitas ou poucas hai que presentar a solicitude e non descualificar as propostas como ten feito o sr. Alcalde. Di o concelleiro que este tema do ARI ven de lexislaturas anteriores e tiña o visto bo da Xunta, pero despois decidiuse deixalo a un lado, e no ano 2008

aprobouse o PEPRI e que non sabe que resultados deron os gastos que se empregaron en facelo, pois o seu Grupo non cre que o casco vello estea mellor dende que goberna o Partido Socialista, pode que esteticamente si pero do que hai que falar é de si hai máis residentes, si as vivendas están en mellor estado, si se abriron mais establecementos ou si hai máis actividade comercial, e polo que se ven eles algo non se está facendo ben polo Grupo de goberno pois non conseguen revitalizar o casco vello e dende o ano 2001 están en elo pois xa daquela o sr. Alcalde anunciou que un estudo analizaría as posibilidades comerciais do casco vello do Barco. Prosegue dicindo o sr. Blanco que o ARI é un instrumento tamén que permite mellorar os cascos vellos e as zonas emblemáticas a través de axudas públicas, polo tanto o que o seu Grupo pide é que para contribuír á mellora do casco vello se proceda a presentar canto antes a solicitude de declaración de ARI e tamén optar ás axudas. Remata o sr. Blanco Paradelo dando lectura da moción presentada, que copiada literalmente di:

“En el pleno ordinario del mes de mayo del año 2012 fue debatida, y aprobada por unanimidad, la presente moción que hoy presentamos. Transcurridos 18 meses desde que en aquel pleno se adoptara el acuerdo de “volver a presentar la documentación necesaria ante la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras de la Xunta de Galicia para conseguir la declaración de Área de Rehabilitación Integral del Casco Vello de O Barco”, y no habiéndose experimentado ningún avance al respecto, volvemos a presentar la misma moción.

“El Consello de la Xunta de Galicia celebrado el pasado 26 de abril, entre otros asuntos, acordó la autorización para la firma de convenios de la Comisión Bilateral de Seguimiento, relativos a las áreas de rehabilitación integral en la Comunidad Autónoma de Galicia con la participación de los concellos al amparo del Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012.

Este acuerdo posibilitará que la Xunta de Galicia destine más de 15,6 millones de euros para el financiamiento de 2.500 nuevos objetivos de áreas de rehabilitación que se firmarán en el año 2012 con los 38 concellos gallegos que disponen de ARI, en el marco de la Comisión Bilateral del Plan de Vivenda.

A los fondos autonómicos hay que sumar otros 18,8 millones de euros procedentes del Ministerio de Fomento, por lo que las ayudas públicas para nuevas actuaciones en las áreas de rehabilitación gallegas ascenderán a 34,4 millones de euros.

Ante esta buena noticia, que supondrá una importante inyección económica en el sector de la construcción y de las reformas, tenemos que lamentar que

ni un sólo euro de estas cuantías venga para O Barco. Y lo cierto es que después de intentarlo en dos ocasiones, desde el año 2006, el Concello de O Barco no ha conseguido la declaración de ARI del Casco Vello, y no por falta de voluntad de la Xunta de Galicia que en uno de sus últimos escritos “consideraba el área propuesta susceptible de obtener la declaración de ARI”, previa corrección de diversos aspectos de la documentación presentada.

Sea como fuere, desde nuestro grupo consideramos que la declaración de ARI resultaría muy positiva para la rehabilitación de muchas viviendas del Casco Vello así como un buen estímulo económico para autónomos y pequeños empresarios de la construcción”.

Por todo lo anteriormente expuesto, el Grupo Municipal del Partido Popular propone al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente acuerdo:

- El Gobierno del Concello de O Barco se compromete a realizar, en un plazo no superior a seis meses, los trámites oportunos para volver a presentar la documentación necesaria ante la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras de la Xunta de Galicia para conseguir la declaración de Área de Rehabilitación Integral del Casco Vello de O Barco.”

Fai uso da palabra o sr. Alcalde para dicir que o Equipo de Goberno vai a apoiar a moción porque xa no seu momento o fixeron e sempre tiveron a intención de conseguir a declaración de ARI. Di que había un problema de falta de persoal nun momento determinado para elaborar a documentación que é moi complexa polo que se pide para facela, que coa entrada do novo técnico de urbanismo o tema prioritario foi sacar todos os expedientes que estaban atrasados no departamento do aparellador, que practicamente xa están ao día, e de seguido comezou cos expedientes de ruína do casco vello e dos núcleos rurais, acometéndose nos últimos tres ou catro meses uns vinte expedientes de ruína no medio rural, moitos deles xa resoltos. Di que se lle deu prioridade a unhas cuestións, como as que xa explicou e que agora comezarán con tema do ARI, que o voceiro do PP plantexa dúbidas e quere dar unhas explicacións, que a día de hoxe poderíase firmar o convenio pero non se podería financiar ata que a Xunta non asine o convenio co Ministerio de Fomento, que firmar o ARI non é algo automático, senón que entre outras cousas van a pedir compromisos efectivos de propietarios que vaian a rehabilitar a súa vivenda e senón os hai non conceden o ARI, que no plan anterior pedían alomenos duascenas vivendas e o ARI do Barco ten 150 edificios. Prosegue dicindo que actualmente hai algo que xoga a favor do Concello do Barco e que podería resolver o problema ao longo do ano

2014 e é que a Xunta decidiu que todos os Camiños de Santiago son BIC (bens de interese cultural), e polo tanto susceptibles de ser un ARI, e se a Xunta segue comprometéndose no ano 2014 ao recoñecemento do Camiño de Santiago teríase un engadido para facer o ARI, ó mellor non só do casco vello pero do casco vello fixo porque por alí pasa o Camiño de Santiago, o que permitiría incluír zoas antigas do Camiño e conseguintemente máis edificios a rehabilitar, o que daría un peso maior á hora de solicitar o ARI, que de toda esta proposta, unha vez feita, darase conta na Comisión de Obras para o seu debate. Di o sr Alcalde que o casco vello nin está abandonado nin está en ruína, pois o PEPRI fixo un documento moi completo, fixo unha ficha individualizada de todas as casas, e con mirar esas fichas sábese cál é o estado de todas as 150 edificacións, e desas vivendas, no momento da elaboración do PEPRI, había 89 que estaban en bo estado, 42 que estaban nun estado regular ou aceptable e 19 que estaban mal, e desas 19 catro xa están arranxadas desde entón. Di que das 15 edificacións que quedan por arranxar, hai dúas para as que o Concello impulsou para que probablemente no prazo dun mes se pechen uns contratos de compra e se podan rehabilitar, entón non é que o Concello se deixe de preocupar polas edificacións que teñen problemas, que hai expedientes de ruína que se van a activar, pois non son ruínas inminentes, e o equipo de goberno está máis polo arranxo, pois o fácil é chegar alí e tirar unha parede, pero que o realmente interesante é que se poda atopar comprador para as edificacións e que se arranxen. Prosegue dicindo que toda a documentación da que falou anteriormente é destes últimos días, que teñen intención de tramitar o ARI do casco vello pero que quere deixar claro que por parte do Concello estase traballando e que o barrio estea ben urbanizado é importante para que despois poda haber actividade económica, outra cousa é que desgraciadamente non se conseguiu que a xente decidase a ir alí, aínda que é verdade que se está nun momento complicado e moi complexo para os negocios. Remata o sr. Alcalde dicindo que van a apoiar a moción presentada, e que a información que se vaia xerando irase entregando periodicamente na Comisión de obras.

Fai uso da palabra o sr Blanco Paradelo para dicir que o seu Grupo mantivo unha reunión con representantes da Asociación do Casco Vello, que moitas das cuestións que lle plantexaron xa as manifestou na Comisión de obras, e que eles manifestan preocupación por determinadas vivendas que están nun estado ruinoso, producíndose incluso desprendementos de cascotes nos valados que non están ven instalados. Di o concelleiro que dende o ano 2007-2008 no que se elaborou o PEPRI, pasaron xa cinco ou seis anos e seguramente algunha desas vivendas que estaban mal haberán ido a peor, pois durante este tempo pasaron moitos invernos, que o sr. Alcalde tomou

varias decisións con respecto ao Casco Vello que non foron acertadas, foron criticadas, que igual ten que ver con que se adxudicaran os traballos do PEPRI á terceira empresa clasificada na licitación, como xa dixera o sr. Blanco no seu momento aínda que o Alcalde negoullo, e por iso di que procede a dar lectura á acta das puntuacións das empresas presentadas. Continúa o sr. Blanco dicindo que o Grupo de Goberno, co voto en contra de varios técnicos, decidiu adxudicarlle o contrato para a redacción do PEPRI á terceira empresa clasificada. Pregunta o concelleiro polo estudio que segundo dixo o alcalde no ano 2001 analizaría as posibilidades comerciais do Casco Vello, que se ía levar a cabo cunha subvención de trescentas mil pesetas. Di que o Casco Vello foi a menos e o Alcalde tomou unha serie de decisións que ó mellor non foron as acertadas, e eso é o que ten que analizar o Equipo de Goberno.

Di o Alcalde que se os datos da adxudicación dos traballos do PEPRI que deu o sr. Blanco os saca da acta da mesa son certos, pero que solo le o que lle interesa, que non cre que el negara que non se lle adxudicou á oferta máis vantaxosa sobre todo economicamente, e que se foi co voto en contra de varios técnicos, como di o voceiro do PP, tamén houbo votos a favor doutros técnicos, pois dividiron os votos ó ser un tema moi complexo e primouse a experiencia no tipo de actuacións de rehabilitacións, de plans especiais de casco vello, e das tres empresas había unha que tiña case toda a súa experiencia neste tipo de actuacións de rehabilitacións de cascos vellos e polo tanto, e así se recolle na acta, como había tanta igualdade o prezo era o menos importante, pois tampouco había unha grande diferenza, que a cuestión é que a empresa adxudicataria non fallou e que fixo un bo plan porque eran especialistas niso, que o que se fixo foi a adxudicación cunha serie de criterios, uns técnicos dixeron unha cousa e outros dixeron outra, e que, tamén lendo a acta, o sr Blanco abstense porque ás 14 horas non estaba o informe técnico o que non lle parece unha razón de peso e que probablemente o sr. Blanco viu ese informe cando o viu el.

Rematado o debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

O Goberno do Concello do Barco comprométese a realizar, nun prazo non superior a seis meses, os trámites oportunos para volver presentar a documentación necesaria ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia para conseguir a declaración de Área de Rehabilitación Integral do Casco Vello do Barco.

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1º Mocións urxentes

Di o sr. Alcalde que non se presentaron mocións urxentes.

2º Rogos e preguntas.

Pide a palabra o sr. Blanco Paradelo quen, unha vez concedida, di que ten unha pregunta para a Concelleira Sra. Dacal Feijoo, relativa ao viveiro de empresas, sinalando que o seu Grupo tivo coñecemento de que algún dos viveiristas adxudicatarios non puideron acudir ao seu local porque non funcionaba a conexión a Internet e tamén había problemas coa saída de aire da calefacción, polo que quería que lle explicara o que sucedeu, tendo en conta que é un edificio de recente construción e debería estar todo impecable, e si xa se arranxaron eses problemas.

Contesta a concelleira sra. Dacal Feijoo dicindo que non hai ningún problema con Internet, pois funciona dende o primeiro momento, que o problema é que estaba ata o de agora estaba ocupada a planta baixa e houbo que dar servizo para a planta alta e que os viveiristas que están nesa planta levaron as súas cousas pero aínda non asinaron o contrato, por eso non se lle fixeron as conexións, pero dende o martes xa funciona todo con normalidade, e que coa calefacción tampouco hai ningún problema, que houbo un problema cos extractores pero que xa está solucionado.

3º Dación de contas da cifra de poboación referida a 1 de xaneiro de 2013 elevada polo I.N.E. ao Goberno

Dáse conta pola alcaldía-presidencia da cifra de poboación deste Municipio referida a 1 de xaneiro de 2013, elevada polo I.N.E. ao Goberno, e que ascende a 14.010 habitantes.

4º Dación de contas: Informe das resolucións da Alcaldía dende o nº 674/13 ata o nº 719/13, e das actas da Xunta de Goberno Local de 5, 12 e 19 de decembro de 2013.

A Presidencia dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen

dende o nº 674/13 ata o nº 719/13, e das actas da Xunta de Goberno Local de 5, 12 e 19 de decembro de 2013.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 20:15 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

O alcalde

Jesús Tallón García

Alfredo L. García Rodríguez